

Recomendación dirixida ao Concello de Sarria debido aos graves prexuízos ocasionados por un local

Expediente: C.6.Q/13947/17

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] relativo aos graves prexuízos ocasionados por un local.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que ten un bar ao lado da súa casa que non lle deixa durmir a causa do volume da música que ten todos os días do ano. Foi ao concello cun motón de denuncias e cun informe médico -está a tratamento psicolóxico por mor deste bar-. Os veciños foron falar co subdelegado do goberno. “É increíble que un bar que non cumpre coas medidas pertinentes che poida facer tanto dano e que a Señora Alcaldesa non tome unha decisión respecto diso cando é o concello o que pode arranxar o problema”, sinala. “É unha impotencia tremenda a que sente porque parece que ela só ten a obrigaçión de pagar os impostos ao concello, pero á hora de ter dereitos parece que só os ten o bar”, engade. O bar chámase Bukara e está en Gregorio Fernández nº 2; ela vive na mesma rúa...

2. Ante iso requirimos informe ao Concello de Sarria, que nolo remitiu. Recibiuse cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertirlle da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución, e mesmo recordar que a non resposta pode constituír un delito (art. 502 CP).

3. Despois de recibir o informe con moitísimo retraso comprobouse que non aclaraba o indicado na queixa e no correspondente requirimento do 17 de febreiro. O concello sinalaba que reclamou a colaboración da deputación, que non se deu, e que prepara a contratación de medicións para comprobar os ruídos que se denuncian. Porén, non aclaraba os aspectos previos e que se mencionaban no requirimento de informe, que poden comprobarse e dar orixe as correccións que procedan sen necesidade de medición. En especial non se mencionaba se o local conta con licenza, de que tipo (bar, pub ...), e sobre se cumpre as

condicións impostas. Se tivera licenza de sinxelo bar non podería funcionar con música, como o fai. Tampouco se mencionaban as preceptivas respostas dadas ás denuncias. O concello anunciou que contrataría unha empresa das medicións de ruídos, pero despois de moito tempo seguimos sen coñecer o resultado das medicións pendentes.

4. Polo exposto de novo nos diriximos ao Concello de Sarria co fin de requirir que con urxencia facilitara aclaración sobre os extremos mencionados. Tamén lle recordamos a obriga legal de responder con urxencia, á vista do amplo retraso da queixa.

5. O Concello de Sarria remitiu o informe complementario, aínda que novamente se recibiu cun atraso moi considerable, ata ao punto de que foi preciso recordar ao concello o seu deber legal de colaborar nas investigacións desta institución e advertirlle da súa posible declaración como hostil e entorpecedor do labor da institución.

No informe sinálase o seguinte: "... a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de Xaneiro de dous mil dezaioito, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: ... Dada conta dos requirimentos efectuados polo Valedor do Pobo en relación co expediente que se tramita a instancia de ██████████, por mor da queixa formulada en relación a incumprimento da normativa vixente en materia de ruídos do establecemento hostaleiro denominado "BAR BUKARA", sito na rúa Gregorio Fernández, 2 de Sarria (Lugo); a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou: 1.- Indicar que, por parte deste Concello, como xa se informou no anterior acordo adoptado por esta Xunta de Goberno, en data 21/06/17, estanse a adoptar as medidas oportunas conducentes á adxudicación do correspondente contrato de servizos a unha empresa homologada para medición de ruídos e vibracións nos locais de hostalería. 2.- Polo que respecta á petición da expedición de documentación acreditativa das licenzas outorgadas ó citado establecemento, adxúntase copia dos acordos existentes ó respecto. 3.- Así mesmo, manifestar que este Concello, dentro da súa competencia, realizará cantas actuacións sexan precisas en aras ó cumprimento por parte do establecemento denunciado da normativa vixente en materia de ruídos e de horarios de peche de establecementos. 4.- Remitir o presente acordo a dita institución, xunto coa documentación a que se deixa feito referencia, para o seu coñecemento e ós efectos oportunos ...".

ANÁLISE

1. O concello non achega nova información sobre o problema e sobre todo non indica nada que o solucione. En relación coa comprobación dos ruídos volve a indicar que contratará unha empresa para a medición de ruídos, o que vén dicindo dende hai tempo. E no relativo ás outras comprobacións indica unicamente a licenza do establecemento, de café-bar. O

resto das súas manifestacións son xeneralidades ou compromisos que non responden aos concretos aspectos que permitirían aclarar a situación e solucionar o problema.

2. O concello debe medir os ruídos denunciados. Para iso ten que concretar a forma de facelo, pero despois de moito tempo a situación segue a ser a mesma. O concello incumpre a súa obriga de comprobar os feitos que poden ser constitutivos de infracción administrativa da súa competencia.

3. Ademais, como sinalamos no requirimento de información complementaria, non aclarou os aspectos previos á necesidade de medición, que poden comprobarse e dar orixe as correccións que procedan sen necesidade de medición.

Agora aclárase que ten licenza de sinxelo café-bar, polo que (como tamén indicamos no requirimento anterior) non pode funcionar con música, como o fai (na única inspeccións que consta indicábase que cando apareceu a policía respondeu que a música funcionaba xa máis baixa, do que se deduce que ordinariamente está alta, tipo pub).

4. O requirimento de información complementaria concretaba os aspectos por aclarar urxentemente. Segue sen resposta se o local cumpre as condicións impostas polo licenza de sinxelo bar, se funciona como un pub, con música a alto volume e como elemento principal, que é o que parece, e as medidas aplicadas para impedi-lo.

5. Tampouco se aclara se se deron as preceptivas respostas ás denuncias, a pesar de que no requirimento anterior se reclamaba expresamente (causas polas que non se respondeu ás denuncias, cando se responderá e de que forma).

6. Seguen sen garantirse os dereitos constitucionais afectados, en especial os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1 CE) e á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2 CE), de carácter fundamental, e os dereitos á protección da saúde (art. 43.1 CE) e a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2 CE). Como consecuencia das citadas disposicións constitucionais os poderes públicos teñen a obriga-ción principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental. O labor municipal para garantilos é claramente insuficiente.

7. Como consecuencia do ruído reiteradamente denunciado e non comprobado polo concello, a pesar de ser competente para iso, a afectada non pode durmir a causa do volume da música que sofre todos os días, e que acredita a gravidade da situación cun informe médico (está a tratamento psicolóxico por mor deste bar). Os casos de contaminación acústica especialmente graves poden dar lugar a responsabilidades en diferentes ámbitos, incluído o penal.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar ao Concello de Sarria a seguinte recomendación:

Que con urxencia se comprobe o nivel de ruídos do establecemento e no seu caso se corrixa (sancione) a transmisión dese ruído á vivenda; que con urxencia se impida o funcionamento do sinxelo café-bar como pub; e que se garantan os dereitos constitucionais afectados, en especial os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1 CE) e á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2 CE), de carácter fundamental, e os dereitos á protección da saúde (art. 43.1 CE) e a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2 CE).

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes dea conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdaa atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo